



XUNTA  
DE GALICIA

CENTRO PÚBLICO  
INTEGRADO de  
COVA TERREÑA

Rúa Dolores Agreló, s/n C.P. 36300 Baiona  
Tlf: 886 12 00 01 Fax: 88612 00 09  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena>



50 anos axudando a construír persoas

# Concurso: Á caza da gralla



Convocamos a IV edición do concurso **Á caza da gralla ortográfica**.  
Fixádevos ben na vosa contorna, de seguro que atoparedes erros lingüísticos  
no lugar menos pensado!

Para participar no concurso, cómpre cubrir a ficha de participación (que se  
atopa en conserxería ou na páxina web da escola), indicando:

- Nome da/o participante e curso.
- A fotografía inédita e propia.
- A gralla encontrada e a súa corrección.

Cada participante poderá achegar un máximo de dous erros ortográficos.

A **data límite** de entrega é o **mércoles 15 de maio** ás **14h**.

Todas as participacións recibidas que conteñan unha gralla ortográfica  
comprobada entrarán na urna que estará dispoñible en conserxería. O día **16  
de maio** celebrárase o **sorteo** para sabermos quen será o afortunado ou  
afortunada que levará para a casa **un fantástico e-book**. Alén diso, **todos os  
participantes recibirán un pequeno agasallo** pola captura dun cazapo  
lingüístico.

Boa e proveitosa caza!